

ANEXO I
BAREMO DE MÉRITOS

(Anexo III do vixente Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia)

1. Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.

2. Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,10 puntos/mes.

3. Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.

A suma da puntuación das liñas a), b) e c) non poderá exceder de 5 puntos.

4. Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, ACIS, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidade autónomas, universidades, SEPE, Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cursos de formación continua do AFEDAP, segundo a relación de materias que se establece na convocatoria:

- Cursos de ata 25 horas: 0,1 puntos
- Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos
- Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos

5. Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado) e que sexa superior ao establecido como requisito de acceso.

En grao de iniciación/Celga 3: 0,50 puntos

En grao de perfeccionamento/Celga 4: 0,75 puntos

Outro grao superior ao anterior: 1 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

6. De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida neste anexo e de persistir, a favor da primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de



Facenda e Administración Pública que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante ao anterior, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino, se existisen méritos iguais entre dous ou máis persoas candidatas e nos termos establecidos no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro galega para a igualdade de mulleres e homes, o primeiro criterio de desempate será o de ter a condición de muller.

